




APE GALICIA – NOVAS DECEMBRO 2025

- Jornada “El nuevo Marco Financiero Plurianual 2028-2034
- Congreso APE Galicia 13/12/2025
- Mesa do emprego autónomo de Galicia



Jornada “El nuevo Marco Financiero Plurianual 2028-2034”

A Confederación de Empresarios de Galicia (CEG celebrou a xornada “*O novo Marco Financeiro Plurianual 2028–2034: a visión rexional e empresarial de Galicia no debate europeo*”, na que se analizaron os posibles efectos do novo MFP sobre a economía galega e o tecido empresarial.

Durante o encontro abordouse a proposta da Comisión Europea de integrar distintas políticas comunitarias nun novo marco común, así como a necesidade de garantir o papel das rexións e a participación dos axentes económicos. Á xornada asistiu **José Ramón Caldas, presidente de APE Galicia**, quen destacou a importancia deste debate para a competitividade empresarial e para o colectivo de persoas traballadoras autónomas.



XV Congreso das persoas traballadoras autónomas de Galicia de APE Galicia

O 13 de decembro de 2025, no Hotel Carlos I Silgar de Sanxenxo, celebrouse o XIII Congreso das persoas traballadoras autónomas de Galicia, organizado por APE Galicia.

O acto contou coa asistencia de diversas autoridades institucionais, representantes de asociacións vinculadas a APE Galicia, así como cunha ampla participación de persoas traballadoras autónomas desprazadas desde distintos puntos da xeografía galega e doutros

lugares de España. O obxectivo principal deste encontro foi poñer en valor o papel fundamental do colectivo autónomo no desenvolvemento económico e social da nosa comunidade.

Este evento constitúe, sen dúbida, unha das citas máis importantes do ano para APE Galicia, xa que durante o seu desenvolvemento procédese ao recoñecemento do esforzo, da traxectoria e do compromiso de persoas e entidades que, a través do seu traballo diario, contribúen activamente ao crecemento da economía galega.

Persoas e entidades galardoadas nesta edición

2025, os recoñecementos foron para:

- **Casual Mercedes**, por Pontevedra
- **Pablo Lariño**, por Pontevedra
- **Venancio Salcines**, por A Coruña
- **Fran Vilar**, por Narón
- **O Parrulo**, Ferrol
- **Café Varela**, por Madrid
- **Talleres Veloso**, por Vigo
- **Jose Luis Celeiro**, por Lugo
- **Xoiería Regueira**, por Santiago de Compostela
- **Sara Pato**, por Ourense
- **Marga Díaz**, en recoñecemento á súa labor profesional e compromiso co colectivo autónomo

Todas elas representan diferentes sectores de actividade, pero comparten unha característica común: o seu vencello con Galicia e a súa condición de referentes no ámbito do traballo autónomo.

Premio especial – Insignia de ouro

APE Galicia quixo tamén facer entrega do seu **Premio Especial**, a través da **Insignia de Ouro**, a dúas persoas cunha traxectoria especialmente destacada e unha estreita colaboración coa asociación:

- **Luis Abelleira**, pola súa traxectoria profesional e compromiso co colectivo autónomo.
- **Ceferino Nogueira**, do **Grupo Nogar**, en recoñecemento ao seu apoio continuado e á súa contribución ao desenvolvemento empresarial.

O acto deu comezo pasadas as oito da tarde, coa intervención das autoridades asistentes, e continuou coa entrega dos galardóns, nun ambiente de recoñecemento, emoción e orgullo compartido.

Desde APE Galicia quíxose destacar unha vez máis a importancia do traballo autónomo como pilar fundamental da economía galega, así como agradecer a todas as persoas premiadas o seu exemplo de esforzo, perseveranza e compromiso.



Mesa do emprego autónomo de Galicia

O pasado 17 de decembro, a Xunta de Galicia anunciou a ampliación da cota cero ata os 24 meses para as novas altas de persoas traballadoras autónomas que inicien a súa actividade nos sectores agroganadeiro e forestal, unha medida orientada a facilitar o emprendemento e o relevo xeracional no medio rural galego.

O anuncio realizouse no marco da Mesa do Emprego Autónomo de Galicia, un órgano de diálogo e participación no que están representadas as principais organizacións do colectivo. Nesta reunión, APE Galicia estivo

representada polo seu presidente, José Ramón Caldas Martínez, e pola vicepresidenta, Silvia Crespo, quen trasladaron a visión e as necesidades das persoas autónomas galegas, especialmente daquelas vinculadas ao sector primario.

Esta ampliación da cota cero integrarase na orde única de axudas ao emprego autónomo, que contará cun importante orzamento e que incluírá, ademais, outras liñas de apoio para o inicio e a consolidación da actividade por conta propia.

Desde APE Galicia valoramos positivamente esta medida, que contribúe a reducir os custos iniciais do emprendemento en sectores estratéxicos para a economía e a fixación de poboación no rural, e seguiremos participando activamente nos foros de diálogo para defender os intereses do colectivo autónomo.





Para mais información, visita a nosa web:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



<https://www.instagram.com/apegalicia/>

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gagos de
Mendoza N°2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

